



RESOLUCIÓN

Expediente 2025/E001/000001. Contratación de 2 peóns/peoas de obras públicas por un período de 6 meses e 15 días (xornada laboral do 90%), para a execución de obras e servizos municipais durante o exercicio 2025 (Liña 1.1 do plan de emprego local) (PEL CONCELLOS).

Lista das persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Expediente relacionado: 2024/A008/000033

ANTECEDENTES:

11.03.2025. Resolución da alcaldía núm. 102/2025. Bases reitoras da convocatoria para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas de obras públicas a xornada do 90% durante 6 meses e 15 días, ó abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

17.03.2025. Anuncio no BOP núm. 51. Bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas de obras públicas a xornada do 90% durante 6 meses e 15 días, ó abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

21.03.2025. Solicitud presentada por Gonzalo Martínez Arca, con núm. Rexistro de entrada 202500000000339, para participar neste proceso selectivo.

22.03.2025. Solicitud presentada por Vicente Javier González López, con núm. Rexistro de entrada 202599900000207, para participar neste proceso selectivo.

27.03.2025. Solicitud presentada por Juan Manuel Silva Hermida, con núm. Rexistro de entrada 202500000000372, para participar neste proceso selectivo.

31.03.2025. Solicitud presentada por María de los Ángeles López Taboada, con núm. Rexistro de entrada 202599900000238, para participar neste proceso selectivo.

31.03.2025. Finalizado o prazo de presentación de instancias para participar neste proceso de selección.

01.04.2025. Esta entidade local con data do 1 de abril de 2025 procede a verificar a documentación que as persoas aspirantes presentaron.



MARCO XURÍDICO

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL)

[21.1.g)] *O alcalde (...) ostenta as seguintes atribucións:*

(...) aprobar as bases das probas para a selección do persoal (...)

[91.2] *A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante a convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.*

[103] *O persoal laboral será seleccionado pola propia Corporación ateniéndose, en todo caso, ao disposto no artigo 91 e co máximo respecto ao principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos.*

CUESTIÓNS

PRIMEIRA. Admisión das persoas aspirantes. Os principios de publicidade, mérito e capacidade que consagra no ámbito local o artigo 91.2 da LRBRL “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar a lista de persoas admitidas e excluídas no procedemento de selección de persoal para a cobertura de (2) dúas prazas de peóns/peoas de obras públicas, para 6 meses e 15 días (xornada laboral do 90%) do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-Concellos 2025 do Concello de Boqueixón.

Lista de persoas admitidas	Celga
Vicente Javier González López	Exento
María de los Ángeles López Taboada	Exenta
Martínez Arca Gonzalo	Exento
Juan Manuel Silva Hermida	Exento



SEGUNDO. Nomear como membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE: Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón.

SECRETARIO: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do concello de Boqueixón.

VOGAL 1: Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Juan Manuel Freiría Brey, funcionario do concello de Boqueixón.

VOGAL 2: María Cruz Ferreiro Sanín, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 3: Carlos Uzal Díaz, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; **SUPLENTE:** Lourdes García Abeijón, funcionaria do concello de Boqueixón.

TERCEIRO. Convocar mediante a publicación de anuncio ás persoas candidatas admitidas e ó tribunal cualificador para a realización da/s proba/s práctica/s, nas datas, hora e lugar que se indican:

- LUGAR: Base de protección civil de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 15, 15881 Boqueixón (A Coruña).
- DATA: 4 de abril 2025.
- Hora: Citarase a cada candidato/a cada cuarto de hora para a realización da fase de proba práctica:

Lista definitiva de persoas admitidas	Hora
Vicente Javier González López	10:00 h.
María de los Ángeles López Taboada	10:15 h.
Martínez Arca Gonzalo	10:30 h.
Juan Manuel Silva Hermida	10:45 h.

CUARTO. Convocar ó Tribunal Cualificador para a realización da baremación de colectivos e baremación de méritos, nas datas, hora e lugar que se indican:

DATA: 4 de abril 2025.

HORA: 11:15 horas.

LUGAR: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 18, 15881 Boqueixón (A Coruña).



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

QUINTO. Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO. Facer pública a presente resolución mediante anuncio no taboleiro de edictos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón e na WEB municipal.

SÉTIMO. Dar traslado deste acordo ós integrantes da comisión de selección e dar conta ao Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor